

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de outubro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día dezanove de outubro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1407).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de outubro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1408).- PROPOSTA PARA O PAGAMENTO DOS DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NO PROGRAMA FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 3280/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 5.10.09, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar un gasto por un importe total de 55.546,31 euros (47.884,75+ 7.661,56 de IVE) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das *Festas de Verán 2009*, con cargo ó RC 48340 da partida 4512.226.0805 do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28.029.643.

3(1409).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2235/11.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa de SAF, do 2.10.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Cándida Crespo Fernández.

4(1410).- DAR CONTA DA SINATURA DE 43 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON CENTROS EDUCATIVOS PARA A XESTIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR. EXPTE. 45209/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da Técnica de Benestar Social, do 8.10.09, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada, de acordo co aprobado na sesión de 20 de abril de 2009 das Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de Axudas municipais escolares de libros e comedor e convenio de colaboración cos centros educativos para a xestión de ditas axudas, da sinatura de 43 convenios de colaboración con centros educativos para a xestión de ditas axudas:

1. COLEXIOLABOR
2. EEI VILLA LAURA
3. CPI CELSO EMILIO FERREIRO
4. COLEXIO ALBA
5. CEIP RIA DE VIGO
6. CEIP JOSEFA ALONSO
7. COLEXIO LAS ACACIAS
8. COLEXIO MONTERREY
9. CEIP IGREXA VALADARES

10. COLEXIO ALBORADA
11. COLEXIO MONTECASTELO
12. CEIP IGREXIA CANDEÁN
13. EEI MONTE DA GUÍA
14. CEIP EDUARDO PONDAL
15. CENTRO DE EP CAIXANOVA
16. COLEXIO NIÑO JESÚS DE PRAGA
17. COLEXIO MARIA INMACULADA-CARMELITAS
18. CEIP CANICOVA
19. CP CARRAQUEIRA
20. COLEXIO AMOR DE DIOS
21. CEIP CARBALLAL
22. CPR DON BOSCO
23. CEIP JAVIER SENSAT
24. COLEXIO BOUZA BREY
25. CEIP VICENTE RISCO
26. CPR SAN MIGUEL II
27. CEIP SOBRERIRA VALADARES
28. CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE
29. COLEXIO COMPAÑÍA DE MARÍA
30. COLEXIO QUIÑONES DE LEÓN
31. CPR PADRE MÍGUEZ-CALASANCIAS
32. COLEXIO SAN BLAS-VISTA ALEGRE
33. CEIP PARAIXAL
34. CEIP ALFONSO RODRIGUEZ CASTELAO
35. COLEXIO MARISTAS-EL PILAR
36. CEIP LOPE DE VEGA
37. CEIP BALAÍDOS
38. COLEXIO SAN FERMÍN
39. COLEXIO MARIANO
40. CEIP PINTOR LAXEIRO
41. CEIP VALLE INCLÁN
42. CEIP COUTADA BEADE
43. COLEXIO APOSTOL SANTIAGO”

5(1411).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO ARE MORE 2009. EXPTE. 11809/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 9.10.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar os prezos de venda ao público das entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Música de Vigo Are More 2008, de acordo co seguinte detalla:

CONCERTO	LUGAR	DATA	HORA	PREZO
Carmina Burana	Teatro-Cine Salesianos	22/11/09	20:30	10 € prezo xeral 7 € para posuidores do carné xove, pensionistas, desempregados, alumnado dos conservatorios superior de música e estudantes universitarios da Universidade de Vigo, circunstancias que deberán acreditar á entrada ao recinto coa entrada e o DNI
La Flauta Mágica	Teatro-Cine Salesianos	23/11/08 e 24/11/08	10 e 12	1 € por alumno
La Spinalba	Teatro-Cine Salesianos	22/11/09	20:30	10 € prezo xeral 7 € para posuidores do carné xove, pensionistas, desempregados, alumnado dos conservatorios superior de música e estudantes universitarios da Universidade de Vigo, circunstancias que deberán acreditar á entrada ao recinto coa entrada e o DNI
Música para bebés	Verbum	28/11/09	11, 12 e 13	3 € por neno até 5 anos con dereito a levar dous acompañantes

6(1412).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 13.219,01€ COMO CONSECUENCIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO RELATIVO AO MANTENIMENTO DO CÉSPEDE DE BALAIÓDOS E CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS. EXPTE. 8818/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.10.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 19.08.09, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 01/2009, 02/2009, 03/2009, 04/2009, 05/2009, 06/2009 e 07/2009 que se achegan ao expediente, por un importe total de 13.219,01 € (trece mil douscentos dezanove euros con un céntimo), a favor de José Manuel Calderón Rodríguez con NIF: 02137388K que deben ser imputados á Partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

2º.- Recoñecer a obriga a favor da José Manuel Calderón Rodríguez, NIF: 02137388K, por un importe total de 13.219,01 €, en concepto de prestación do servizo dirección técnica dos traballos de mantemento nos campos de fútbol municipais de Balaídos, A Madroa e Barreiro, durante o periodo comprendido entre os meses de xaneiro e xullo, ambos os dous incluídos, con cargo á partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

3º.- Pagar a José Manuel Calderón Rodríguez, NIF 02137388K, as facturas nº 1/2009, 02/2009, 03/2009, 04/2009, 05/2009, 06/2009 e 07/2009 , por un importe total de 13.219,01 € (trece mil douscentos dezanove euros e un céntimo), con cargo á partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

7(1413).- PROXECTO DE RECUPERACIÓNS VARIAS NO PASEO DO RÍO LAGARES, TRAMO CASTRELOS- DESEMBOCADURA. EXPTE. 6706/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 16.10.09, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobalo proxecto “REPARACIONES VARIAS NO PASEO DO RIO LAGARES.TREITO:CASTRELOS DESEMBOCADURA”, redactado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, de outubro de 2009, por un importe de 118.636,49.- euros (CIENTO DEZAOITO MIL SEISCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS).

Segundo.- Autorízalo inicio da tramitación para a súa contratación pola súa cuantía polo procedemento negociado sen publicidade conforme a lexislación vixente.

8(1414).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE SETEMBRO DE 2009. EXPTE. 919/334.

Mediante providencia de data 6.10.09, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Normalización Lingüística durante o mes de setembro de 2009:

Expediente	909/334. Actividade de dinamización lingüística: cursos da auga doce e salgada
Decreto concelleira	data 2 de setembro de 2009
Informe Intervención	RC 50073
Adxudicatario	Arkaios, S.L.
Importe	7.412,40 euros

Expediente	912/334. Elaboración dun informe de avaliación e conclusións do estado da normalización lingüística da Casa do Concello
Decreto concelleira	data 14 de setembro de 2009
Informe Intervención	RC 49884
Adxudicatario	Xoma iniciativas sociais, S.L.
Importe	2.888,40 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(1415).- MODIFICADO DE COSTE CERO DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA ZARAGOZA, ENTRE AS RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA. EXPTE. 143/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 13.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 17 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, adoptou o acordo de adxudicar o expediente 61/440 do Proxecto de Humanización do ámbito da Rúa Zaragoza, entre as Rúas Regueiro e Tarragona, á empresa Hidroscivil, S.L..

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial do Proxecto de Humanización do ámbito da “Rúa Zaragoza, entre as Rúas Regueiro e Tarragona”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1416).- MODIFICADO COSTE CERO DO PROXETO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA TOLEDO. EXPTE. 75/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 13.10.09, que di o seguinte:

Antecedentes

Con data 24 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, adoitou o acordo de adxudicar o expediente 75/440 do Proxecto de Humanización da Rúa Toledo, á empresa Hidroscivil, S.L.

Unha vez iniciadas as obras, compróbanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantéxase a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituír partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades da obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, de 30 de outubro, polo que se informa favorablemente e proponse á súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar o proxecto modificado a “coste cero” do proxecto inicial do Proxecto de Humanización da “Rúa Toledo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1417).- PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA URZÁIZ. LOTE 2: ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ-ALCALDE GREGORIO ESPINO. EXPTE. 64/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 15.10.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 17 de marzo, acordou entre outros adxudicar a Hidroscivil, S.L. a obra de "Humanización da rúa Urzaiz. Lote 2: Escultor Gregorio Fernández-Alcalde Gregorio Espino". A acta de replanteo formalizouse o pasado 13 de abril, o prazo de execución das obras é de seis meses, concluíndo por tanto o pasado 13 de outubro.

Durante a execución das obras, producíronse varias circunstancias que afectan ao cumprimento do prazo previsto nas mesmas:

- *Folga do sector do Metal e do sector da Pedra na provincia de Pontevedra.*
- *Imprevistos xurdidos durante a obra.*

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

- 1º.- *Ampliar o prazo de execución das obras de "Humanización da rúa Urzaiz. Lote 2: Escultor Gregorio Fernández-Alcalde Gregorio Espino", en 1 mes, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 13 de novembro de 2009, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1418).- PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA ZARAGOZA, ENTRE AS RÚAS REGUEIRO E TARRAGONA. EXPTE. 61/440.
Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 15.10.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente celebrada o pasado 17 de marzo, acordou entre outros adxudicar a Hidroscivil, S.L. a obra de "Humanización da rúa Zaragoza, entre as rúas Regueiro e Tarragona". A acta de replanteo formalizouse o pasado 1 de abril, o prazo de execución das obras é de seis meses, concluíndo por tanto o pasado 1 de outubro.

Durante a execución das obras, producíronse varias circunstancias que afectan ao cumprimento do prazo previsto nas mesmas:

- *Folga do sector do Metal e do sector da Pedra na provincia de Pontevedra.*
- *Imprevistos xurdidos durante a obra.*

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

- 1º.- *Ampliar o prazo de execución das obras de "Humanización da rúa Zaragoza, entre as rúas Regueiro e Tarragona", en 1 mes, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 1 de novembro de 2009, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1419).- PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DA HUMANIZACIÓN DA RÚA REDONDELA. EXPTE. 80/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 15.10.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o pasado 24 de marzo, acordou entre outros adxudicar a Hidroscivil, S.L. a obra de "Humanización da rúa Redondela". A acta de replanteo formalizouse o pasado 13 de abril, o prazo de execución das obras é de cinco meses, concluíndo por tanto o pasado 13 de setembro.

Durante a execución das obras, producíronse varias circunstancias que afectan ao cumprimento do prazo previsto nas mesmas:

- *Folga do sector do Metal e do sector da Pedra na provincia de Pontevedra.*
- *Imprevistos xurdidos durante a obra.*

Polo exposto anteriormente, e xa que a criterio da dirección facultativa municipal da obra se consideran suficientemente xustificadas os motivos alegados, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte, PROPOSTA:

1º.- Ampliar o prazo de execución das obras de "Humanización da rúa Redondela", en 1 mes e medio, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 28 de outubro de 2009, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1420).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA EN RÚA PRÍNCIPE, 15, A FAVOR DE REDEVCO RETAIL ESPAÑA S.L. EXPTE. 59801/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 7.10.09, conformado pola ocnelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 04/09/2008 autorizouse a Redevco Retail España, S.L. a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 56394/250, cunha ocupación de 68 m² na rúa Príncipe, 15 e Policarpo Sanz, 18 para derruba interior do inmovible con licenza 48965/421, constituíndo unha fianza de 6.000 € (seis mil euros), con número de operación 200800046139 de data 04/09/09.

Solicitada a devolución da fianza con data 23/07/2009 e número de documento 90110294 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 07/09/2009, indícase que o valo de obra foi retirado da rúa Príncipe, 15 e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 6.000 € (seis mil euros), a favor de Redevco Retail España, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 6.000 € a favor de Re-devco Retail España S.L.

15(1421).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA AVDA. ALCALDE PORTANET. ENTRE O Nº 2 E O Nº 22”. EXPTE. 1133/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 15.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra Humanización da Avda. Alcalde Portanet entre o nº 2 e o nº 22. .

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. Álvaro Crespo Casal e D. Jorge Muñoz Rama.

16(1422).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “HUMANIZACIÓN BARRIO DE BOUZAS: FASE II. RÚA PAULINO FREIRE”. EXPTE. 1135/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 15.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra Humanización do Barrio de Bouzas: FASE II. Rúa Paulino Freire.

2º.- Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente

3º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL E D. JORGE MUÑOZ RAMA

17(1423).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO DE ACOMETIDAS ELÉCTRICAS DO ALUMEADO DE NADAL A FAVOR DE SIELVIGO S.L. EXPTE. 2841/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.09.09, o informe de fiscalización do 30.09.09, e de acordo co informe-proposta do coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, de data 8.04.09, conformado polo concelleiro da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito a favor da entidade SIELVIGO S.L., con CIF B36823227, en relación os gastos de acometidas eléctricas do alumeado Nadal 07/08 e alumeado Nadal 08/09, polo importe de 30.450 € (14.500 € anos 07/08 e 15.950 € anos 08/09), de acordo coas facturas nº 00000005 de data: 24/01/2008 e nº 00000009 de data: 24/01/09, con cargo a partida e a vinculación 6220.2130000 “Alumeado Nadal” do vixente orzamento.

18(1424).- RENUNCIA DE D^a. ANA BELÉN GONZÁLEZ MARTÍNEZ Á BOLSA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS. EXPTE. 2821/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 2.10.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a renuncia expresa e xustificada de D^a Ana Belén González Martínez, con DNI 36170680-Y á bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do Concello de Vigo, que lle fora adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2009. O cesamento terá efectos desde o día 1 de outubro de 2009, incluído.

2º.- Deberá de anularse a adxudicación ao seu nome da subvención restante, por importe de 450€, que corresponde ao período comprendido entre o día 1 e 15 de outubro de 2009 no que xa non é bolseira por petición propia.

3º.- Declarar deserta a bolsa no período comprendido entre o día 1 e 15 de outubro de 2009, ao rematarse a prelación de aspirantes e non existir materialmente prazo para unha nova convocatoria.

19(1425).- RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN “UE I-01 VILLA LAURA”. EXPTE. 4926/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 9.10.09, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) acordou, en sesión do 30.04.2003, aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono «UE I – 01 Villa Laura», redactado polos arquitectos Sres. Davila Alonso, Filgueira García, Jiménez López, Meijide Rico e Cordeiro Rodríguez (Exp. 4291/401); proxecto posteriormente modificado en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local do 22.10.2007 (Exp. nº 4716/401).

I.2. O 09.06.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90086009) a solicitude do presidente da Xunta de Compensación da «UE I – 01 Villa Laura» de recepción parcial das obras de urbanización do ámbito.

Achegouse despois, a requirimento municipal, certificado final de obra, documento de recepción das obras pola Xunta de Compensación ó contratista e boletín acreditativo da instalación do alumado público.

I.3. Constan tamén no expediente nº 4926/401 os seguintes informes das compañías prestadoras de servizos e dos departamentos municipais con competencias na materia:

- De “R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.”, do 10.07.2009 (favorable).
- Do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 14.07.2009 (indicando deficiencias).
- De “Telefónica de España, S.A.”, do 14.07.2009 (sen obxeccións).
- De “Gas Galicia SDG, S.A.”, do 14.07.2009 (favorable).
- De “Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A.”, do 15.07.2009 (sen obxeccións: abastecemento e saneamento).
- De “Unión Fenosa, S.A.”, do 17.09.2009 e do 07.10.2009 (con observacións).
- Do Servizo de Electromecánicos, do 24.09.2009 (favorable, con observacións).
- Do Servizo de Limpeza e Xestión de RSU, do 07.10.2009 (favorable, con observacións).

II. NORMATIVA EXAMINADA

TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).
- RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. públicas.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP
- L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.
- D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Dispón o Art. 110.5 da LOUGA que a recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Admón. non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres (3) meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.

III.2. Na actualidade, o Art. 218 da LCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Admón. representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Admón. contratante e representante desta as dará por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un (1) ano.

Durante ese prazo de garantía, o propietario coidará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Admón. e a custa do contratista os traballos precisos para evitar o dano (Art. 167 RX-TRLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (Art. 219 LCSP).

III.3. A posibilidade de recibir parcialmente as obras de urbanización está expresamente prevista no Art. 218.5 da LCSP e no Art. 180.2 do RXU, sempre que a área urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable que poida ser entregada ó uso público e se recibisen definitivamente as obras pola Xunta de Compensación.

Consta, como xa dixemos, a recepción das obras pola Xunta de Compensación ó contratista, asinada o 07.09.2009, segundo a documentación achegada ó expediente polos interesados en data 25.09.2009 (Registro xeral XMU do 25.09.2009; Doc. nº 90136912).

Por outra banda, no informe do enxeñeiro técnico de OOPP da Oficina de Servizos Técnicos da XMU do 07.10.2009 afirmase que: «A superficie da urbanización da que pretendese recibir parcialmente constitúe unha unidade funcional por si mesma e faise necesaria a súa posta en servizo dado que vai server para desconxestionar unha zona moi afectada polas obras de urbanización do plan FEIL, que orixinan cortes de varias rúas cercanas e tamén e necesaria a apertura da rúa zaragoza posto que por esta rúa se produce a entrada e saída do aparcadoiro subterráneo da rúa Pintor Colmeiro».

Os tramos de rúas da urbanización para as que se solicita neste momento a recepción parcial son as seguintes: rúa Zaragoza (entre Avda. Hispanidade e r/Tarragona), rúa Tarragona (entre r/Zaragoza e r/Pintor Colmeiro) e rúa Sevilla (entre r/Barcelona e o aparcadoiro subterráneo).

III.4. Inclúense no expediente administrativo os informes das compañías prestadoras dos diferentes servizos urbanísticos así como dos departamentos municipais ós que se lles requiriu.

Advertese en todo caso que, coa recepción total das obras de urbanización da «UE I – 01 Villa Laura» a Xunta de Compensación urbanizadora do ámbito deberá acreditar o exacto cumprimento das observacións realizadas polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns (informe do xefe do Servizo do 14.07.2009), en relación co calibre do arborizado e polo Servizo de Limpeza e Xestión de RSU (informe do xefe do Servizo do 07.10.2009), tocante á posta en servizo dos contedores subterráneos.

Igualmente deberán cumprirse pola entidade urbanística colaboradora as observacións puntuais realizadas por “Unión Fenosa, S.A.” sobre a eliminación dun poste da rede de baixa tensión aérea situado na intersección das rúas Pintor Colmeiro e Tarragona (para o que se achega compromiso formal de pagamento asinado polo Pte. da Xunta de Compensación en data 07.10.2009) e polo Servizo de Electromecánicos, en relación coa conexión definitiva da instalación ó cadro eléctrico de alumado.

III.5. Finalmente, para os efectos do disposto no Art. 4.3.4.2. das NNUU do PXOM, deberá presentarse obrigatoriamente pola Xunta de Compensación un informe redactado por unha empresa cualificada sobre control de calidade que recolla os informes parciais e as conclusións finais das obras.

III.6. Consta no expediente o informe do enxeñeiro técnico de OO.PP. da Oficina de Servizos técnicos da XMU do 07.10.2009 no que se conclúe que, desde o punto de vista urbanístico, non existiría inconveniente en acceder ó solicitado; é dicir, á recepción parcial das obras de urbanización obxecto de informe.

II.7. En todo caso, esta recepción parcial non será título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización nin para a devolución dos avais presentados. A Xunta de Compensación seguirá a ser responsable da conservación e preservación do correcto funcionamento da urbanización.

Con ocasión da recepción completa da urbanización verificarase de novo o estado da parte que se propoña recibir e, de observarse nese momento deficiencias na urbanización, requirirase da Xunta de Compensación a realización das obras precisas para subsanalas.

III.8. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no Art. 127 da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4926/401, aceptar a recepción parcial das obras incluídas no proxecto de urbanización da «UE I – 01 Villa Laura»: rúa Zaragoza (entre Avda. Hispanidade e r/Tarragona), rúa Tarragona (entre r/Zaragoza e r/Pintor Colmeiro) e rúa Sevilla (entre r/Barcelona e o aparcadoiro subterráneo).

SEGUNDO: Coa recepción completa da urbanización, a Xunta de Compensación deberá acreditar o exacto cumprimento das observacións contidas nos informes dos Servizos municipais de Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Limpeza e Xestión de RSU, así como nos da compañía “Unión Fenosa, S.A.” que se citan no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo. Achegarase, ademáis, o informe de control de calidade esixido polo artigo 4.3.4.2. das NNUU do PXOM.

TERCEIRO: Notificalo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

CUARTO: *Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia de Urbanismo, ós Departamentos municipais de Vías e Obras, OSPIO, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

20(1426).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIALS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, ABRIL E AGOSTO 2009 (INCLUE HORAS DE MARZO). EXPTE. 19303/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 15.10.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización, do 30.09.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de ABRIL e AGOSTO 2009 (Inclue horas de Marzo) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Manuel Sixto Pérez	Abril	512,45
OSPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero Gil-Delgado	Abril	180,00
Alcaldía	De Raquel Abalde Comesaña	Abril	43,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Vi-	Abril	1.654,00

	llar Domínguez		
Bombeiros (Admón)	De M ^a Luz Palmás Calvar	Agosto	48,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Abril	132,00
Desinfección	De Avelino Pardellas Avión a Jesús Pérez Tomé	Abril	307,00
1 ^a Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Antonio Vázquez Martínez	Agosto	161,00
Conserxería	De Fernando Fernández Amil	Abril	40,00
Policia Local Xulgados	De Juan Miguel Covelo Costas a David Suárez Piñeiro	Agosto	88,00
Policia Local Horas en exceso	De Iván Abalde Casanova a Lucía Vidal Lorenzo	Agosto	828,45
Relacións Públicas	De Mercedes Rivero Troncoso a Eduardo Pérez Domínguez	Marzo	10,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Álvarez	Marzo Abril	882,50

O montante do presente expediente ascende a un total de 45.697,79 € (CUARENTA E CINCO MIL SEISCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS).

21(1427).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2996/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, do 16.10.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Lógica Equipamientos Sur, S.L. O procedemento aberto para o subministro de mobiliario para o auditorio municipal do Concello de Vigo (Expte. 2996-335) coas seguintes características:

- Prezo total de 115.881,11 euros.
- Reducción do prazo de execución: 10 días.
- Melloras valoradas conxuntamente en 8.377,06 euros e que son as seguintes:
 - Dous butacas modelo MT1 de driade
 - Unha taquilla fenólica
 - Dous estores enrollables.
 - Un espello.
 - Unha estantería mod. Lok de Guialmi.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, prego de condicións técnicas e proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 08-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

22(1428).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PLAN COMUNITARIO DE TEIS. EXPTE. 46002/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.10.09, o informe de fiscalización, do 16.10.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Sociais, do 7.08.09, conformado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalizaicón Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación Plan Comunitario de Teis, CIF.: G36791960 para o desenvolvemento dun proxecto de intervención psicopedagóxica, lúdica e social para nenos e nenas de seis a doce anos do barrio de Teis, coa realización das actuacións concretas que figuran no convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 44.550.- (corenta e catro mil cincocentos cincuenta) euros, importe total do citado convenio, que se fará con cargo ás seguintes partidas e do xeito seguinte:

- 21.000.- € con cargo á partida 313.0.226.08.06. de Benestar Social ou a súa bolsa de vinculación, dos cales, 10.500.- € imputaranse ao exercicio de 2009 e 10.500,. € ao exercicio do 2010.
- 12.850.- € con cargo á partida 4520.227.06.12 de Xuventude;, dos cales 6.425.- € imputaranse ao exercicio do 2009 e 6.425.- € ao exercicio de 2010.

- 7.700.- € con cargo á partida 4632.227.06.06 de Igualdade ou a súa bolsa de vinculación, dos cales 3.850.- € imputaranse ao exercicio de 2009 e 3.850.- € ao exercicio de 2010, e
- 3.000.- € con cargo á partida 4633.226.02.01 de Normalización Lingüística ou a súa bolsa de vinculación, dos cales 1.500.- € imputaranse ao exercicio de 2009 e 1.500.- € ao exercicio de 2010.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA, LÚDICA E SOCIAL

En Vigo, a de de 2009

R E U N I D O S

Dunha parte D^a María Xosé Méndez Piñeiro, Concelleira - Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo e D^a Iolanda Veloso Ríos, Concelleira – Delegada das áreas de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo, nomeadas por decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo, na súa calidade de Presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30 dos estatutos da asociación que lle atribúen a representación pública do mesmo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

M A N I F E S T A N

I.- A asociación Plan Comunitario de Teis, ten entre os seus obxectivos fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais; desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura e benestar, así como, fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten e realizar todo tipo de intervención lexítima para mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

II.- Dende o Concello de Vigo se sabe que as accións desenvolvidas para a atención da infancia en situación de risco dende equipos multidisciplinares relacionando institucións como a escola, os servizos sociais, os servizos de xuventude e a propia familia, estánse a amosar como o xeito máis adecuado de traballo.

A Constitución Española, no seu artigo 39, impón a obriga dos poderes públicos de dispensar unha protección xurídica, económica e social ás familias, aos nenos e ás nenas e ás adolescentes e aos adolescentes, no canto aos dereitos que lles son recoñecidos polas normas convencionais e acordos

internacionais. Destácase aquí a Convención dos Dereitos do Neno e a Nena da ONU, do 20 de novembro de 1989, ratificada polo Reino de España.

O Estatuto de Autonomía de Galiza, Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81) determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (art. 27.23). Asímesmo, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da protección da familia, da infancia e da adolescencia, no seu artigo 27, apartados 23 e 24, nos seus títulos competenciales xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no art. 2 pto. 3 dí que: os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No seu artigo 3º, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais -, no pto g) inclúese “promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social”.

A Lei 3/1997, de 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia, dí no seu artigo 3º-principios reitores -, no canto á primacía do interese do neno e a nena e do/da adolescente sobre calquera outro (apartado 3) e a coordinación de actuacións con todo tipo de organismos e institucións públicas e/ou privadas, que interveñan na protección, defensa e atención á familia e á adolescencia, promovendo criterios comúns e actuacións múltiples nas ordes familiar, educativa, sanitaria, cultural e social(apartado 9).

III.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social, e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a evitar a inadaptación e a exclusión social de menores en situación de risco, artellando a incorporación das nenas e nenos con procesos de socialización deficitarios á estrutura social. As accións de carácter preventivo para abordar situacións de inadaptación social, en concreto, as dirixidas aos máis pequenos, téñense amosadas como eficaces. Por esta razón, a experiencia desenvolvida dende a administración e dende outras entidades de participación centradas no traballo na comunidade, fan pensar a necesidade de continuar con elas.

IV.- De acordo con todo o anterior, os intervintes conclúen o presente convenio cuxo obxecto é fixar os termos da colaboración entre os asinantes para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos do barrio de Teis, preferentemente, a través de apoio psicopedagóxico, lúdico e social tentando prevenir situacións de risco mediante a execución das actividades que se describen a continuación no pacto primeiro.

V.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Plan Comunitario de Teis queda fora do ámbito da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do sector público, por figurar excluído no artigo 4 de citada Lei.

VI.- A asociación Plan Comunitario de Teis áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compañentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarias da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a situación dos menores en risco social, lembran subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

P A C T O S

Primeiro.-

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a colaborar coas Concellería de Benestar Social, Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo para o desenvolvemento dun proxecto de atención á infancia, de entre 6 e 12 anos, preferentemente, do barrio de Teis, mediante unha serie de actuacións centradas no apoio educativo, apoio escolar e de integración nas actividades de lecer enmarcadas en diferentes áreas:

- Área 1: Apoio educativo mediante a realización de actividades que lles permitan adquirir valores, actitudes e habilidades sociais útiles nas relacións interpersonais.
- Área 2: Apoio escolar que consistirá na adquisición de hábitos de estudo mediante a realización das tarefas escolares coa supervisión de persoal especializado e a posible colaboración de voluntarios/as.
- Área 3: Espazo de xogo dirixido, actividades lúdico-educativas, propiamente ditas, e campamentos vacacionais.
- Área 4: Integración nas actividades de lecer que se levan a cabo no Plan Comunitario de Teis.

O Plan Comunitario de Teis comprométese, ademáis, con carácter transversal a todas as accións de apoio, incorporar cos nenos e nenas unha perspectiva de xénero na que se traballe, entre outros aspectos, o fomento da corresponsabilidade doméstica, a visibilidade das achegas das mulleres á Historia, as desigualdades de xénero que aínda perduran na nosa sociedade e a eliminación de roles e estereotipos sexistas. Incorporar no equipo técnico persoas con formación en xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e favorecer a formación continua neste eido a todo o equipo. Asimesmo, na redacción de textos, materiais gráficos e contidos das actividades utilizarase unha linguaxe e imaxes non sexistas e empregaránse guías e demais ferramentas educativas e lúdicas que promovan a coeducación entre as nenas e os nenos.

Serán destinatarios directos do proxecto os nenos e nenas de 6 a 12 anos do barrio de Teis, derivados polo equipo do programa de intervención familiar do Concello de Vigo, polas profesionais de Atención Primaria, tanto do Concello como do sistema sanitario, polos centros educativos e polo Centro de Información á Muller do Concello de Vigo.

A asociación Plan Comunitario de Teis comprométese a prestar os servizos e a desenvolver os proxectos e actividades obxecto do presente convenio axustándose ós criterios de responsabilidade social, coherencia, transparencia e calidade que son esixibles en todo momento, estando obrigada ó

cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como a correspondente cobertura de responsabilidade civil.

Segundo.-

O presente convenio de colaboración terá vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de maio de 2010.

A dotación económica para a execución dos proxectos e servizos obxecto deste convenio, será aportada polo Concello de Vigo, que se reserva a facultade de solicitar para iso as axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

A dotación económica para a totalidade do convenio será de 44.550.- (corenta e catro mil cincocentos cincuenta) euros, a financiar con achegas de catro Concellerías:

- A Concellería de Benestar Social aporta unha cantidade de 21.000.- (vinte e un mil) euros con cargo á partida 3130.226.08.06 – programa menores - convenio infancia, ou a súa bolsa de vinculación.*
- As Concellerías de Xuventude, Igualdade e Normalización aportan 23.550.- (vinte e tres mil cincocentos cincuenta) euros, desagregado do xeito seguinte:*
 - Xuventude: 12.850.- (doce mil oitocentos cincuenta) euros, con cargo á partida 4520.227.06.12.*
 - Igualdade: 7.700.- (sete mil setecentos) euros, con cargo á partida 4632.227.06.06, ou a súa bolsa de vinculación.*
 - Normalización: 3.000.- (tres mil), con cargo á partida 4633.226.02.01, ou a súa bolsa de vinculación.*

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- Un 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio.*
- Un 25% adicional no mes de xaneiro de 2010.*
- O 25% restante, contra a xustificación do total do gasto realizado ata o 31 de maio de 2010 e presentación da memoria anual.*

Os abonos, excepto o primeiro, realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentaran no rexistro xeral dirixidos a técnica do Departamento de Benestar Social, responsable do programa. A técnica informará sobre a xustificación económica facendo constar que o obxecto do convenio estase a realizar coas condicións estipuladas na memoria que se achegará.

Terceiro.-

As partes establecerán iniciativas de divulgación e difusión dos contidos deste convenio ás actuacións que se desenvolvan no marco do mesmo, co obxecto de garantir o maior grao de coñecemento destes proxectos pola sociedade e, en particular, polos propios interesados. A identificación destes proxectos levarase a cabo de forma que a identidade corporativa dos asinantes se respete en todo

momento e o carácter público da iniciativa sexa coñecido por parte dos usuarios da mesma e por parte da cidadanía en xeral.

Cuarto.-

Co obxectivo de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do convenio, se creará unha comisión de seguimento que desenvolverá as funcións que ó respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do convenio. A elaboración e execución efectiva das propostas será obxecto da competente supervisión por parte do Concello de Vigo.*
- A determinación dos obxectivos do plano anual de traballo.*
- A supervisión dos procesos de coordinación cos servizos sociais de atención primaria, informes de seguimento e avaliación do seu desenvolvemento.*
- A realización de cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.*

A tal fin, dita comisión de seguimento estará integrada por catro representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un/unha representante do Concello de Vigo.

Por parte do Concello os representantes serán: a Concelleira-Delegada de Benestar Social ou persoa en quen delegue que actuará como presidenta e as técnicas do Departamento de Xuventude, Igualdade, Normalización Lingüística e Benestar Social responsables do proxecto. Ésta última actuará como secretaria.

A comisión de seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Quinto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis, con suxeición á normativa aplicable e ós termos dos convenios e instrumentos que ó efecto se subscriban, desenvolverá estes proxectos e actuacións con profesionais asignados a tal fin, en exclusividade para o Concello, obrigándose ao estricto cumprimento das instrucións do Concello de Vigo.

A entidade asociación Plan Comunitario de Teis poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.

Sexto.-

A asociación Plan Comunitario de Teis coordinarase coas profesionais que están a traballar no programa de intervención familiar do Departamento de Benestar Social, así como coas traballadoras sociais de atención primaria naqueles casos onde se estea intervindo conxuntamente e, naqueles casos onde se considere necesaria unha intervención máis específica. Dita coordinación será pautada por ambas as partes segundo as necesidades.

Sétimo.-

Calqueira incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e a devolución das cantidades percibidas.

En especial, procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- *Incumprimento total ou parcial das obrigas respecto da actividade ou proxecto obxecto do convenio.*
- *Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente dos gastos relativos ás actividades obxecto do convenio.*
- *Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro sobre os gastos efectuados para as actividades do convenio, incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ao cumprimento do obxectivo do convenio.*
- *Do exceso percibido sobre o custo da actividade do convenio.*

Cando o incumprimento das actividades obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa da actividade convenida, traducible a termos económicos en función do proxecto e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento dos obxectivos do convenio, procederá o reintegro da cantidade que, no seu caso, fora abonada na mesma proporción.

Oitavo.-

A entidade asociación Plan Comunitario de Teis está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

A referida Fundación poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Noveno.-

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), rexerese pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e legoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

23(1429).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaseis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.